

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona Elva Anido Anido, as cales foron convocadas para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 23 de xullo de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de vivenda unifamiliar sita en solo rústico, a Vila-Rubiás; para a construción de edificio na rúa Camiño Real, número 73; para a construción dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Cristimil + Riazón, parroquia de San Martiño de Ombreiro; e para a legalización de edificación existente, ampliación de planta baixa, reforma e ampliación de edificio para vivenda unifamiliar e construción dunha piscina, na Calzada das Gándaras, número 71.

Acórdase denegar a licenza solicitada para o reforzo de estrutura e mellora de fachada no edificio sito na rúa Castiro, número 4.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a incoación de expediente de incautación de garantía definitiva para responder das penalidades por demora no cumprimento do prazo das obras de rehabilitación da Ponte Vella de Lugo, en execución de Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de lugo núm. 2 (Sentenza núm. 117/2014)

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto, e a apertura do procedemento de adxudicación, para a contratación da docencia especializada (formación específica) mediante 14 lotes no

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



marco do proxecto "Lugo Emprego Activo 2" cofinanciado nun 80% pola UE a través do Fondo Social Europeo (código proxecto: 112410004). lote 9 – impresión dixital- reservado a centros especiais de emprego.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Aprobar a execución do obradoiro de emprego denominado "Arqueo Lvcvs" para a dixitalización e posta en valor do patrimonio histórico do Excmo. Concello de Lugo.
- A delegación de competencia na Tenenta de alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos os actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación da obra de iluminación pública na praza de Ferrol e rúa San Fernando
- A aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, do prego de condicións técnicas de iluminacións festivas, así como do gasto e a adjudicación por procedemento aberto, e a apertura do procedemento de adjudicación, para a contratación da subministración e instalación de iluminación pública en diversas rúas San Froilán 2014.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:svQEhvH7kHPNvm3GWEUOrg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	svQEhvH7kHPNvm3GWEUOrg==	PÁGINA 2/2



svQEhvH7kHPNvm3GWEUOrg==